

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA REXISTRO XERAL	
ENTRADA Nº	_____
SAÍDA Nº	280
DATA:	29/06/2011

Santiago, a 29 de xuño de 2011

DON JOSÉ LUIS CHAN RODRÍGUEZ
Secretario do Consello Forestal de Galicia
Dirección Xeral de Montes
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

Estimado Secretario:

En relación co borrador do anteproxecto da Lei de Montes de Galicia, recibida nesta Federación Galega de Caza o pasado 8 de xuño, a continuación achegámoslle as nosas propostas de modificación.

Salientar que en cor negro figura o texto do borrador da D.X.Montes, en cor azul aparecen a redacción alternativa que propoñemos, a letra ~~tachada~~ indicaría a supresión do texto, e en cor marrón figuran as notas explicativas da nosa proposta.

Artigo 60. Cambios de actividade forestal a agrícola

1. Os cambios de actividade forestal a agrícola co gallo de mellorar a viabilidade das explotacións agrarias ateranse aos seguintes supostos:

- Poderanse realizar en superficies de ata cinco hectáreas, poboadas por especies non incluídas no Anexo I, ou especies do Anexo I con idades medias inferiores a dez anos, previa comunicación á Administración forestal. No caso de constituír enclavados, terán unha superficie mínima dunha hectárea.
- En superficies maiores de cinco hectáreas, será necesaria autorización da Administración forestal previa xustificación da actividade agrícola por parte do promotor.
- En superficies poboadas por especies do Anexo I con idades medias superiores a dez anos, precisarase de autorización da Administración forestal, previa xustificación da actividade agrícola por parte do promotor.
- En caso de superficies poboadas por matogueiras ou especies do xénero *Acacia*, poderanse realizar, previa comunicación á Administración forestal, en superficies de ata 15 hectáreas. Para superficies maiores, será necesaria autorización da Administración forestal.

2. Naquelas superficies arboradas lindantes coas superficies nas que se produza un cambio de actividade forestal a agrícola non serán de aplicación as distancias establecidas no Anexo II desta Lei ata o momento da reforestación da masa arborada tralo aproveitamento.

3. Tamén poderá realizarse, previa autorización dos propietarios dos terreos e da Administración forestal, un cambio de actividade forestal a agrícola co fin de mellorar o hábitat das especies de caza consistente en recuperar antigas zonas de cultivos, facilitando así a limpeza dos montes e a prevención de incendios así como a minoración nos danos aos cultivos agrícolas producidos por determinadas especies cinexéticas.

Artigo 88. Servizos do monte

1. A Administración forestal e os propietarios poderán fomentar o uso e servizo social e educativo dos montes e regularán o seu desfrute baixo o principio do respecto ao medio natural.

2. A celebración de actos, incluíndo os deportivos a motor, que leven consigo unha afluencia de público indeterminada, estará suxeita ao disposto no correspondente instrumento de ordenación ou xestión cando teñan carácter tradicional e periódico. En ausencia do devandito instrumento ou cando teñan carácter ocasional, solicitarase a autorización da Administración forestal ou da competente na actividade de que se trate polo promotor do acto, que deberá acreditar a autorización expresa dos propietarios de todos os

terreos afectados. O promotor será o responsable de toda incidencia, dano ou prexuízo que poida producirse.

O prazo para outorgar estas autorizacións será de tres meses, transcorridos os cales sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

Nos montes incluídos na Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, as autorizacións serán competencia, nos mesmos termos, do órgano competente en materia de conservación da natureza.

3. Deberanse manter os montes limpos de residuos, quedando prohibido o verquido non autorizado ou o abandono de residuos, materiais ou produtos de calquera natureza en montes ou terreos forestais. Toda persoa será responsable da recollida e retirada dos que orixine.

Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Vinte e un. Modifícanse as letras c) e f) do parágrafo 1 e as letras d) e e) do parágrafo 2 do artigo 32.

“1. Constitúen excepcións ás medidas referidas nas alíneas a) e b) do número 2 e no número 3 do artigo 31:

c) O acceso e permanencia nas áreas recreativas cando estean debidamente equipadas, nos termos da lexislación aplicable.

f) O acceso, a circulación e a permanencia no interior das referidas áreas de autoridades e persoal dependente das administracións con competencias en materia forestal, de axentes das forzas e corpos de seguridade das distintas administracións e de autoridades, forzas armadas e persoal de protección civil e emerxencias”.

“2. O disposto no artigo 31 non se aplica, en ningún caso:

d) Aos predios rústicos para **aproveitamento cinexético**, ~~cando non estean incluídos nos terreos forestais das zonas de alto risco de incendio.~~

NOTA: Dado que un número elevadísimo de terreos cinexéticos están, ou poden estar, incluídos dentro das ZAR a excepción prevista neste apartado d) queda sen contido, por eso entendemos que debe suprimirse o párrafo tachado. De non eliminarse éste suporía na práctica que se incumpirían os periodos previstos para a práctica da actividade cinexética nos artigos –entroutros- 13 e 16 da Orde Anual de Vedas (Orde de 7-6-2011), tendo como consecuencia o posible incumprimento dos cupos previstos nos plans de aproveitamento cinexético, que podería dar lugar ademais da imputación ao titular cinexético da infracción prevista no art. 58.7 da Lei de Caza, unha posible falta de dilixencia na conservación do acotado aos efectos da Lei de Tráfico, ou o incremento das reclamacións polos danos a cultivos, pois é de común coñecemento que estes se producen masivamente durante os meses de verán.

Neste senso cabe menciona-la Resolución de 18 de maio de 2007 da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Rural, na que se interpreta a prohibición comentada, cuxa copia se achega.

e) Á execución de obras de interese público, con tal recoñecemento, baixo a responsabilidade do adxudicatario das mesmas”.

Agardando teñan en contas as nosas propostas, reciba un atento saúdo.



Asdo.: Javier Nogueira Diz
PRESIDENTE